

ACTA NÚM. 1/2025.

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE
BRIÓN O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2025.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 14 de xaneiro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asiste:
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste o interventor do Concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 18.12.2024.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2025".

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2025 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

4º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE AO POS + ADICIONAL 3/2024 PARA A REDUCIÓN DA DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACIÓN E PARA MÁIS GASTO CORRENTE DOS CONCELLOS SEN ESA DÉBEDA.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 18.12.2024.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 13/2024, do 18.12.2024.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2025".

Dada conta da proposta da alcaldía do 08.01.2025 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 13.01.2025, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2025", publicadas no BOP 233, do 03.12.2024, e a circular da Deputación sobre este plan de data novembro de 2024, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	348.211,64
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	337.970,12
Subtotal gasto corrente	686.181,76

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou da subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible)		

			nos abastecem. auga potable)		
Subtotal investimentos achega provincial 2025	0	0	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024	0	0	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecement os de auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	348.211,64			348.211,64
	Achega 2024	337.970,12			337.970,12
	Achega 2025				

B- INVESTIMENTOS	Achega 2024					
C- TOTAL	Achega 2025	348.211,64				348.211,64
	Achega 2024	337.970,12				337.970,12
	TOTAL	686.181,76				686.181,76

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
MELLORA VIARIO ALDEA DE CORUXIDO A SABAXÁNS	265.838,85		265.838,85
TOTAIS	265.838,85		265.838,85

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do

presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que este POS + da Deputación é o maior POS da historia da Deputación, e que non fai o mesmo a Xunta de Galicia, que da o mesmo para 313 concellos que a Deputación para 93.

Botamos en falta a consulta á oposición, pero se non o fan cando hai obras, menos se non as hai; este Plan supón practicamente o 10% do orzamento municipal; engadir que hai obras que se consideran necesarias e que viñeron ao Pleno, tamén propostas polo PP, e queríamos saber que se vai facer con esas obras que estaban previstas porque agora o concello disporá de máis recursos para facelas.

O Sr. Alcalde sinala que en principio as faremos, que cando se fagan os orzamentos se verán as obras urxentes que se executarán este ano e que se falará coa oposición, porque será maior a axilidade na tramitación administrativa que se se solicitan neste plan.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós ímonos abster porque o POS sairá adiante cos votos a favor do PSOE.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2025 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 08.01.2025 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 13.01.2025, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS + Adicional 1/2025**" da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, publicadas no BOP 233, do 03.12.2024, e a circular da Deputación sobre este plan de data decembro de 2024, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ Adicional 1/2025**" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025

71.690,63 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS	PREVISIÓN	ESTIMACIÓN	ESTIMACIÓN	IMPORTE	OUTROS
----------------	-----------	------------	------------	---------	--------

EXTRAORDINARIOS 2025	DE GASTOS 2025	DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	584.516,24€	355.176,34€	229.339,90€	71.690,63€	157.649,27€
Investimentos: Tipoloxía i					
Investimentos: Tipoloxía j					
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	584.516,24€	355.176,34€	229.339,90€	71.690,63€	157.649,27€

IMPORTES SOLICITADOS	
I. Importe solicitado para gastos correntes	71.690,63 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	71.690,63 €

2º) Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE AO POS + ADICIONAL 3/2024 PARA A REDUCIÓN DA DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACIÓN E PARA MÁIS GASTO CORRENTE DOS CONCELLOS SEN ESA DÉBEDA.

Dada conta do decreto da alcaldía do 20.12.2024, que transcrito di:

ANTECEDENTES:

O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión realizada o 22 de novembro de 2024, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 3/2024 para a redución da débeda dos concellos coa deputación e para máis gasto corrente dos concellos sen esa débeda.

A aprobación deste POS+ Adicional 3/2024 realizouse no marco da segunda modificación das Bases reguladoras do POS+2024, aprobada mediante acordo plenario do 31 de maio de 2024 para engadir as bases 13 e 14 e os correspondentes Anexos, coa finalidade de regular o POS+

Adicional 2/2024, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibbles, e o POS+ Adicional 3/2024, para a redución da débeda dos concellos coa deputación e para máis gasto corrente dos concellos sen esa débeda, cuxo texto completo publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108 do 5 de xuño de 2024.

De acordo coas instrucións sobre a elaboración do POS+ Adicional 3/2024 comunicadas aos concellos a través dunha circular en xuño de 2024, neste POS + Adicional 3/2024 inclúense as solicitudes presentadas polos concellos dentro do prazo establecido para destinar a achega provincial para a redución da débeda dos concellos coa deputación e para máis gasto corrente dos concellos sen esa débeda.

O acordo de aprobación deste Plan foi sometido a exposición e información pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e vai ser enviado á Administración Estatal e Autonómica para que durante un prazo de 10 días poidan presentar as alegacións ou reclamacións que estimen convenientes.

Transcorrido o dito prazo, recibíuse comunicación da propia Deputación, de data 17.12.2024, no que se notifica que o acordo provisional foi elevado a definitivo.

O Concello de Brión ten unha débeda coa deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, polo que a súa solicitude ten por obxecto a redución desta débeda.

O importe da débeda do concello de Brión actualizada, tras a minoración realizada a través do POS + Adicional 3/2024 son os que a continuación se indican:

Plan	Importe solicitado	Amortización anterior a 31.12.2023	Importe amortizado con POS+2024	Importe amortizado con POS+ 3/2024	Pendiente de amortizar
PAI 2015	216.754,95			40.869,76	175.885,19
PAI 2016	209.348,54				209.348,54
POS+2017	212.352,17				212.352,17
Total	638.455,66	0,00	0,00	40.869,76	597.585,90

Por todo o anterior, Resolvo:

Primeiro.- Reducir a débeda no importe notificado pola Deputación Provincial da Coruña, imputando os 40.869,76 € ao PAI 2015.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto, así como recoñecer a obriga, por importe de 40.869,76 € na aplicación orzamentaria 011.91100, na que existe crédito axeitado e suficiente tras a aprobación da xeración de crédito número 21/2024.

Terceiro.- Dar traslado da presente Resolución ao servizo de Intervención do Concello a efectos de que proceda a rexistrar na contabilidade municipal a modificación de crédito aprobada, tanto en gastos como en ingresos.

Cuarto.- Dar conta deste expediente administrativo, na primeira sesión que celebre, o Pleno a



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

partir de esta data.

O Pleno toma coñecemento.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e tres minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González